



**RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE A CONTRATACIÓN, BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL DE ACTIVIDADES CIENTÍFICO-TÉCNICAS, DUN INVESTIGADOR PREDOUTORAL (PREP2022-000520), NO MARCO DAS AXUDAS A PROXECTOS DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO DO PLAN ESTATAL DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E DE INNOVACIÓN 2021-2023, NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO COORDINADO PID2022-139874OR-C22, TITULADO "EVOLUCIÓN E COMPORTAMENTO DE PRAGUICIDAS E DOS SEUS PRODUTOS DE TRANSFORMACIÓN EN PRESENZA DE EMENDAS ORGÁNICAS NO CULTIVO DE MILLO FORRAXEIRO EN GALICIA".**

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería do Medio Rural, creada mediante o Decreto 52/2018, do 5 de abril, co obxecto de constituírse no instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade; investigar e realizar o desenvolvemento tecnolóxico no sector agroalimentario; desenvolver as actividades de I+D+i nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro do marco das competencias que a esta axencia lle atribúen estes estatutos; así como realizar aquelas outras actuacións relacionadas coas actividades anteriores que determine a consellería de adscrición cos medios e persoal que a ela se adscriben.

No citado decreto apróbanse os estatutos da Agacal, precisándose no seu artigo 10 que lle corresponde á Axencia, en virtude do establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, o desenvolvemento de diferentes funcións en materia de investigación; entre elas, a promoción e execución dos traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais.

Establécese que para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria encádrase dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Segundo o artigo 75 da Lei 16/2010, o persoal das axencias públicas autonómicas estará constituído por persoal funcionario, estatutario e/ou laboral da Xunta de Galicia e, de ser caso, por persoal laboral propio que se rexerá pola antedita Lei 16/2010, o Estatuto dos Traballadores e polo resto da normativa laboral. Os estatutos da propia axencia establecen no seu artigo



37.4 que o persoal laboral que preste servizos na Axencia réxese pola normativa reguladora da Función pública, polas disposicións do Convenio colectivo único para o persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia, pola demais normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e polos propios estatutos da Axencia.

Segundo o artigo 76 da Lei 16/2010, corresponde ás propias axencias a determinación, logo de informe favorable do órgano directivo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma en materia de función pública, dos criterios de selección do seu persoal laboral e a convocatoria e xestión dos procesos selectivos relacionados, de acordo cos principios de concorrencia, igualdade, publicidade, mérito e capacidade e demais principios establecidos na lexislación xeral de emprego público. Así mesmo, á contratación de persoal propio seralles de aplicación as disposicións da lexislación galega sobre emprego público e normas regulamentarias que os desenvolven relativas á composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de selección, as bases das convocatorias e as probas de selección.

Segundo o artigo 39 do decreto 52/2018, nos procesos de selección de persoal investigador e de apoio á investigación aterase na convocatoria aos criterios de selección específicos necesarios para este tipo de persoal cualificado, de acordo co que establece a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e de acordo coa normativa e principios reitores que en materia de persoal investigador defina a Xunta de Galicia.

De xeito máis específico, e seguindo as instrucións detalladas no artigo 12.2 da convocatoria (*Concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» e a actuacións para a “formación de persoal investigador predoutoral” asociadas aos ditos proxectos ; Orde do 30/12/2022, BOE nº2, 03/01/2023*), o proceso de avaliación deberá aterse aos seguintes criterios:

Criterio 1. Traxectoria académica e/ou científico-técnica do/a candidato/a (ata 50 puntos).

Criterio 2. Adecuación do/a candidato/a ás actividades de investigación que se van desenvolver (ata 50 puntos).

Mediante a proposta da resolución provisional da AEI publicada o 17/07/2023 ([https://www.aei.gob.es/sites/default/files/convocatory\\_info/file/2023-07/PRP-PID2022-Texto%2BAnexos\\_fdo.pdf](https://www.aei.gob.es/sites/default/files/convocatory_info/file/2023-07/PRP-PID2022-Texto%2BAnexos_fdo.pdf) ), e posteriormente da resolución definitiva publicada o **13/12/2023** ([https://www.aei.gob.es/sites/default/files/convocatory\\_info/file/2023-12/PID2022-RC-Texto-Anexos-Firmada.pdf](https://www.aei.gob.es/sites/default/files/convocatory_info/file/2023-12/PID2022-RC-Texto-Anexos-Firmada.pdf) ), concedéuselle á Agacal-CIAM un proxecto coordinado de investigación, con referencia **PID2022-139874OR-C22**, titulado:

***"EVOLUCIÓN E COMPORTAMENTO DE PRAGUICIDAS E DOS SEUS PRODUTOS DE TRANSFORMACIÓN EN PRESENZA DE EMENDAS ORGÁNICAS NO CULTIVO DE MILLO FORRAXEIRO EN GALICIA"***

Mediante a mesma resolución, concedéuselle á Agacal-CIAM unha subvención (Fondo Social Europeo plus) de 4 anos de duración para a contratación dun investigador predoutoral (PREP2022-000520).

Polo que, en virtude das facultades previstas nos estatutos da Axencia, e dando cumprimento ao acordo do Consello Reitor, o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria,

**RESOLVE:**

Convocar un proceso selectivo de contratación de persoal laboral consistente na selección dun posto de persoal investigador predoutoral, titulado de grao superior universitario (grupo I-categoría IV) en ciencias químicas e cun máster en química ambiental, industrial ou equivalente, para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

Este proceso rexeráse conforme a orde pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2022 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» e as actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos devanditos proxectos, no marco do Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2021-2023 derivada da Orde CIN/1025/2022, do 27 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas correspondentes a varios programas e subprogramas do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2021-2023, cuxa xestión corresponde á Axencia Estatal de Investigación.

**BASES DA CONVOCATORIA**

As presentes bases constitúen un conxunto de instrucións, normas e especificacións que rexerán a contratación do persoal laboral baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia e non discriminación.

**Primeira.- Obxecto da convocatoria.**

O obxecto do proceso selectivo é a selección e contratación pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) dun persoal investigador predoutoral, titulado de



grao superior universitario (grupo I-categoría IV) en ciencias químicas e cun máster en química ambiental, industrial ou equivalente para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

En cumprimento do artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, o contrato terá por obxecto a realización de tarefas de investigación, no ámbito do proxecto **COORDINADO PID2022-139874OR-C22**, por quen estea en posesión do título de licenciado en ciencias químicas, con polo menos 300 créditos ECTS (European Credit Transfer System) e cun máster universitario, ou equivalente, e fosen admitidos nun programa de doutoramento. Este persoal terá a consideración de persoal investigador predoutoral en formación.

### **Segunda.- Publicidade e réxime xurídico da contratación.**

A presente convocatoria publicarase no DOG, axustándose ao disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, á Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, e demais normativa concordante.

A persoa seleccionada deberá ser contratada baixo a modalidade de contrato predoutoral de actividades científico-técnicas, regulada no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, no Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, e na súa nova redacción dada polo Real decreto-lei 8/2022, do 5 de abril e a Lei 17/2022, do 5 de setembro.

O proceso de avaliación e selección da persoa que se contrate, que deberá garantir os principios de concorrencia, publicidade e transparencia, corresponderá á Agacal-CIAM, podendo realizar estas actividades previamente a que se publique a resolución de concesión. A súa incorporación deberá producirse nun prazo de 3 meses desde a data de publicación da resolución definitiva.

A Agacal-CIAM deberá elaborar un informe onde se describa o proceso de avaliación e selección e se xustifique a idoneidade da persoa seleccionada, con base nos criterios e subcriterios detallados no preámbulo da presente resolución, na base undécima desta e no Anexo III. Este informe quedará en poder da Agacal-CIAM, como depositaria deste, e poderá ser solicitado en calquera momento durante o período de execución ou xustificación da axuda, sen prexuízo da información que se debe achegar no informe de seguimento intermedio do proxecto vinculado. No



proceso de avaliación e selección a Agacal-CIAM deberá ter en conta o disposto no apartado 5 do artigo 4.bis da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

Ademais do disposto anteriormente, a persoa seleccionada deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 21.a) da Lei 14/2011, do 1 de xuño, para poder celebrar un contrato predoutoral ou, na súa falta, estar en disposición de cumprir os requisitos no momento da formalización do contrato. Non poderán ser contratadas, en calquera caso, as persoas que xa estean en posesión do título de doutor, por calquera universidade española ou estranxeira.

A xornada laboral será completa. O posto de traballo estará situado na sede do Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo, en San Tirso de Mabegondo-Abegondo-A Coruña.

### **Terceira.- Duración**

A contratación obxecto da presente convocatoria terá carácter indefinido, e comezará a contar dende a contratación efectiva do persoal (**inicio estimado 01/06/24**) ata cumprir os 48 meses de duración (**final estimado, 31/05/28**).

Para o/a candidato/a seleccionado/a, unha vez formalizada a relación laboral, establecerase un período de proba de tres (3) meses, de conformidade co disposto no artigo 14 do V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

### **Cuarta.- Tarefas que se van desempeñar.**

As principais actividades que se van desenvolver polo investigador predoutoral enmárcanse dentro dos obxectivos do proxecto **PHYTOCORN**, definidos na memoria científico-técnica e no informe de necesidade.

O obxectivo principal deste proxecto multidisciplinar e coordinado PHYTOCORN é estudar o efecto de diferentes condicións agroambientais sobre a eficacia e o comportamento ambiental no cultivo do millo de catro herbicidas (rimsulfuron, nicosulfuron, mesotrione e imazamox), un novo herbicida co código CTVA-corn1 e un biopesticida (spinosad) para avaliar o seu risco, tanto ambiental como para o consumidor, en condicións reais e en dúas localizacións de España, unha dela sendo o CIAM-Agacal, que é o centro de investigación español con maior superficie agrícola dispoñible que se pode dedicar a estudos experimentais.

Concretamente, preténdese avaliar o efecto da emenda orgánica (biochar) na eficacia dos praguicidas sobre a produción, calidade e valor nutritivo dos cultivos



do millo forraxeiro en condicións reais de cultivo, destinado na súa maioría na alimentación de vacas leiteiras.

O CIAM-Agacal, ademais de participar en moitas tarefas do proxecto coordinado PHYTOCORN, correspóndelle liderar algúns dos obxectivos específicos do proxecto.

As actividades concretas que se van desenvolver no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo consistirán en:

-Identificar os produtos/metabolitos de transformación xerados no estudos de degradación e comparar os patróns/mecanismos de degradación e a evolución nos diferentes tipos de solo estudados, con e sen emenda orgánica.

-Estudar a natureza e proporción de metabolitos/produtos de degradación formados.

a) Avaliar o efecto que terán o alto contido en materia orgánica nos solos e a presenza de emendas orgánicas sobre a eficacia dos herbicidas e sobre a produción do cultivo de millo forraxeiro.

b) Realizar análises de residuos nos solos agrícolas para “monitorizar” os praguicidas e os seus posibles metabolitos/produtos de degradación previamente identificados nos experimentos de laboratorio levados a cabo no CSIC-INIA de Madrid.

Para iso, empregarase técnicas verdes modernas de extracción como pode ser a extracción asistida por microondas.

O investigador predoutoral participará na identificación dos produtos de degradación e transformación mediante espectrometría de masas de alta resolución (HRMS) QTOF acoplada á cromatografía líquida de ultra alto rendimento (UPLC), implementando fluxos de traballo de adquisición de datos independentes (SWATH), que permiten a identificación dos metabolitos en concentracións moi baixas e matrices complexas.

A través deste proxecto participárase na avaliación de risco, comparando os mecanismos de degradación observados nos diferentes tipos de solos e interpretando os efectos da emenda orgánica na formación e evolución dos produtos de degradación/transformación. Os resultados deste proxecto coordinado orientáanse especificamente ao Reto 6 de Estratexia de ciencia e tecnoloxía e á Liña 7, Sustentabilidade das explotacións agrícolas de produción extensiva de investigación prioritaria de proxectos RTA.



Ademais, todas estas actividades levan implícito o desenvolvemento dalgunhas actividades de transferencia e a colaboración na xestión técnica do proxecto, así como a redacción de entregables, artigos e informes científicos.

#### **Quinta. Requisitos xerais.**

Os/as candidatos/as deberán reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado, o cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Idade: ter feito dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: para estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Habilidade: non ter sido separado/a do servizo nin despedido, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

#### **Sexta.- Requisitos específicos.**

Os/as aspirantes deberán acreditar estar en posesión dos seguintes requisitos:

a) Titulación requirida: titulado de grao superior universitario (grupo I) en ciencias químicas e cun máster en química ambiental, industrial ou equivalente. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en



posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requirimento non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

b) Coñecemento do idioma galego acreditado mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que un candidato non poida acreditarlo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. Esta proba regúlase no anexo I destas bases.

c) Estar en posesión do carné de conducir (B).

### Sétima.- Solicitudes e prazo

En aplicación do artigo 10.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establécese a obrigatoriedade de emprego dos medios electrónicos na presentación da solicitude e, se procede, da documentación anexa.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar debidamente cuberta a solicitude que figura anexa a estas bases (Anexo II) no prazo de **dez (10) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo de instancia do Anexo II, debidamente asinadas polo/a interesado/a, xunto coa copia do DNI e da documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos nas bases quinta e sexta e para ser valorados segundo o baremo da base undécima desta convocatoria. Os méritos alegados deberán referirse á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes e a documentación serán presentadas de forma dixital a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) mediante trámite de solicitude xenérica a través do servizo PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dirixiranse á Consellería Medio Rural e á unidade Axencia Galega da Calidade Alimentaria. Indicarase no obxecto do asunto: Convocatoria selectiva para **A CONTRATACIÓN BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL DE ACTIVIDADES CIENTÍFICO-TÉCNICAS DUN INVESTIGADOR PREDOUTORAL (PREP2022-000520), NO MARCO DAS AXUDAS A PROXECTOS DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO DO PLAN ESTATAL DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E DE INNOVACIÓN 2021-2023, NO PROXECTO COORDINADO PID2022-139874OR-C22.**

A persoa aspirante deberá notificar no mesmo día o envío da documentación á Agacal ao seguinte correo electrónico: [agacal@xunta.gal](mailto:agacal@xunta.gal), facendo constar no





asunto **proceso selectivo investigador predoutoral no proxecto coordinado PID2022-139874OR-C22.**

O enderezo que figure nas instancias considerarase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante tanto os erros na consignación como a non comunicación de cambio de domicilio.

### **Oitava.- Documentación que deberán presentar**

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo II) a seguinte documentación en formato dixital:

- a) Copia do DNI.
- b) Certificado médico de capacidade funcional
- c) Declaración xurada de habilitación
- d) Copia do carné de conducir (categoría B).
- e) Currículo.
- f) Copia do título Celga 4 ou equivalente.
- g) Copia do título de licenciado/a ou graduado/a en ciencias químicas e do título de máster en química ambiental, industrial ou equivalente.
- h) Informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social
- i) Copia dos certificados de coñecemento do idioma inglés.
- j) Publicacións científicas (só primeira e última páxina) e copias dos resumos de comunicacións (precisar póster ou relatorio) cos datos sobre o congreso (nome, data, comité científico, lugar). Presentarase unha relación das publicacións científicas a das comunicacións onde figure o título, autores, resumo, revista, libro, ou capítulo do libro, ano de publicación e DOI e/ou ISBN do libro de resumos, de ser o caso.

Considerase requisito mínimo para ser admitido no proceso selectivo a presentación coa solicitude dacopia do DNI.

Para ser admitido a participar neste proceso selectivo é preciso posuír, o día do remate do prazo para a presentación das solicitudes de participación, calquera dos seguintes requisitos de nacionalidade:

- a) Ter nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
- c) Ser cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que non



estean separados legalmente. Así mesmo, nas mesmas condicións poderán participar os descendentes menores de vinte e un anos ou maiores de idade que estean ao seu cargo.

- d) Estranxeiros con residencia legal en España
- e) Persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Os solicitantes non residentes en España incluídos no apartado c), así como os estranxeiros incluídos nos apartados d) e e), deberán acompañar á súa solicitude de participación dun documento que acredite as condicións que se alegan.

Todos os méritos que os/as aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Os aspirantes que superasen o proceso selectivo deberán presentar a documentación cotexada para acreditar a veracidade desta.

Para os efectos da documentación requirida neste apartado, admitirase a documentación sen cotexo. A Agacal poderá solicitar copias cotexadas se así o estima

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada da tradución oficial.

Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 881 997 276, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, ou a través do correo electrónico [agacal@xunta.gal](mailto:agacal@xunta.gal), poñendo no asunto proceso selectivo **investigador predoutoral no proxecto coordinado PID2022-139874OR-C22**.

## **Novena.- Procedemento de selección**

O proceso selectivo terá a modalidade de concurso (avaliación de méritos), que se complementará cunha entrevista persoal.

### **1.- Comisión de Selección.**

Respecto á válida constitución e adopción de acordos da Comisión de Selección, como ao resto dos aspectos do proceso selectivo, estarase ao establecido nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

A composición da Comisión de Selección será a seguinte:



-Presidente: Thierry Dagnac, investigador do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo-Axencia Galega da Calidade Alimentaria (CIAM-Agacal).

-Presidente suplente: Gonzalo Flores Calvete, xefe do Departamento de Pastos e Cultivos do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo -Axencia Galega da Calidade Alimentaria (CIAM-Agacal).

-Secretario: Abelardo Nimo Silva, director do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo-Axencia Galega da Calidade Alimentaria (CIAM-Agacal).

-Secretario suplente: Manuel López Luaces, xefe da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal).

-Vogal: Teresa Moreno López, investigadora do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo-Axencia Galega da Calidade Alimentaria (CIAM-Agacal).

-Vogal suplente: Laura González González, investigadora do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo-Axencia Galega da Calidade Alimentaria (CIAM-Agacal).

O órgano de selección axustarase ao establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como ás instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao director da Agacal, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección.

A presidencia solicitará dos membros do tribunal declaración escrita expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no dito artigo.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias antes citadas.

## **2.-Funcións da Comisión de Selección**

a) Avaliar a acreditación requirida e outorgarles as cualificacións aos aspirantes segundo as normas da presente convocatoria.



- b) Formalizar mediante actas todo o proceso selectivo e o resultado final, que se remitirá ao órgano de contratación.
- c) Interpretar o contido destas bases e resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- d) Propor á dirección da Agacal os/as candidatos/as que obtiveron a maior puntuación para os efectos de contratación.

As comunicacións e demais incidencias, serán dirixidas á Comisión de Selección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, con enderezo na Avenida Camiño Francés, 10, Santiago de Compostela, CP 15.703 (A Coruña).

### **Décima. - Listaxe de admitidos**

Expirado o prazo para a presentación das solicitudes, a Comisión de Selección publicará na páxina web da Agacal <https://agacal.xunta.gal/gl/institucional/persoal> e no taboleiro de anuncios da Axencia a resolución coa listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Na listaxe constará, en todo caso, o número do documento de identidade ou documento equivalente e a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as, seguindo o disposto na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, en especial o relativo á disposición adicional 7ª en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicación de actos administrativos (nome, apelidos e catro cifras aleatorias do DNI) e segundo as aclaracións da Axencia de Protección de Datos do 4 de marzo de 2019.

No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión, tendo o prazo de **tres (3) días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que será publicada no prazo máximo de **dez (10) días hábiles** posteriores á finalización do prazo de emenda.

### **Décimo primeira.- Proceso de selección**

O proceso selectivo consiste na valoración de condicións de formación, méritos e experiencia (fase de concurso), consonte o disposto no artigo 56.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, e ao disposto no artigo 12.2 da Orde da convocatoria de concesión de axudas publicada o 30 de decembro 2022 (BOE nº 2 do 03/01/2023).

As persoas aspirantes deberán achegar á Comisión de Selección o seu currículo e toda a documentación detallada no punto oitavo.



O proceso de selección desenvolverase en dúas fases, consistindo na avaliación de méritos (concurso), seguida dunha entrevista persoal.

Ao finalizar a avaliación dos méritos e por orde alfabética ascendente do primeiro apelido comezando pola letra especificada na Resolución do 31 de xaneiro de 2024, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOG núm 29 do 9 de febreiro de 2024 (letra "H"), procederase á avaliación dos coñecementos na materia obxecto do posto ofertado mediante unha entrevista persoal.

Esta fase de entrevista, profesional e regrada, será realizada pola Comisión de Selección co obxectivo de determinar a aptitude, experiencia e capacidade de xestión para o desenvolvemento do posto de traballo. A duración da entrevista non excederá de 30 minutos e versará sobre as actividades que se van desenvolver no posto de traballo así como sobre as oito materias que constan na base 4ª e no Anexo III.

### **Fase de concurso: Baremo de méritos (máximo 100 puntos):**

#### **1 (Criterio 1). Traxectoria académica e/ou científico-técnica do candidato/a (ata 50 puntos).**

Subcriterio 1.a): Achegas científico-técnicas (ata **45 puntos**). Valorarase o expediente académico e outros méritos curriculares do/a candidato/a, así como a adecuación destes ás tarefas para realizar en función da formación e experiencia profesional.

##### **1a.1 Nota media ponderada do expediente académico: ata 6 puntos**

Expediente académico: a nota media calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$(X \cdot C1 + M \cdot C2) / (C1 + C2)$$

Onde:

X: nota media obtida no grao.

M: nota media obtida no máster ou equivalente.

C1: créditos superados no grao

C2: créditos superados no máster ou equivalente.

A nota final acadada neste apartado calcularase atribuíndo **6 puntos** ao candidato coa nota máxima e ponderando as outras notas con base nesa nota máxima. A nota media ponderada do expediente académico calcularase de acordo coa seguinte fórmula: nota media do expediente académico da persoa candidata elevada ao cadrado dividida pola nota máxima rexistrada neste proceso selectivo, tamén elevada ao cadrado.



**1a.2 Participación en tarefas relacionadas con proxectos de investigación ou contratos** tratando o uso de praguicidas ou doutros contaminantes orgánicos en augas, solos ou outras matrices ambientais ou alimentarias: **ata 6 puntos.**

1a.2.1 Por cada mes de participación en proxectos de ámbito nacional e/ou internacional: 1 punto

1a.2.2 Por cada mes de participación en proxectos de ámbito autonómico: 0,5 puntos

**1a.3 Experiencia laboral: ata 3 puntos.**

1a.3.1 Por cada mes con contrato de traballo na Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia ou nos seus entes autónomos: 0,3 puntos.

1a.3.2 Por cada mes con contrato de traballo noutras consellerías da Xunta de Galicia e noutras administracións ou universidades públicas: 0,2 puntos.

1a.3.3 Por cada mes con contrato de traballo en empresas: 0,1 puntos.

**1a.4 Publicacións científico-técnicas en revistas, libros e capítulos de libros: ata 4 puntos.**

1a.4.1 Publicacións recollidas no Science Citation Index (SCI): 1 punto/publicación, ata un máximo de 3 puntos.

1a.4.2 Outras publicacións: 0,5 puntos/publicación, ata un máximo de 1 punto.

**1a.5 Transferencia tecnolóxica achegada: ata 5 puntos.**



1a.5.1 Participación en proxectos e contratos con empresas e outros axentes do sector agrícola, agronómico e agroalimentario: por cada mes de participación nestes proxectos: 0,3 puntos, ata un máximo ata 3 puntos.

1a.5.2 Outras achegas no ámbito de accións de transferencia tecnolóxica: 0,5 puntos/acción, ata un máximo de 2 puntos.

### **1a.6 Achegas a congresos e reunións científicas: ata 10 puntos:**

1a.6.1 2 puntos/ relatorio, en congreso internacional.

1a.6.2 1,5 puntos/ póster, en congreso internacional.

1a.6.3 1 puntos/ póster ou relatorio, en congreso nacional

**1a.7 Actividades de formación e cursos avanzados** no ámbito da seguridade e tecnoloxía ambiental e dos métodos analíticos de extracción e determinación de praguicidas e outros contaminantes orgánicos emerxentes... Terase en conta o número de horas e/ou de créditos daquelas materias específicas cursadas durante o grao e o máster, relacionadas cos temas mencionados neste apartado e no Anexo III. Un crédito equivale a 25 h e unha materia de máster adoita ser de 3 créditos e unha de grao de 4,5 créditos. As dúas materias de traballo fin de máster e de iniciación á investigación contan con 6 créditos cada unha. **ata 8 puntos.**

### **1a.8 Idiomas (outros que castelán e galego): ata 3 puntos.**

O nivel de coñecemento dalgunha lingua estranxeira establecerase segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas (non se considerará lingua estranxeira a do país de orixe ou de nacionalidade):

– B2 ou equivalente: 1 punto.

– C1, C2 ou equivalente: 2 puntos.

Poderán sumarse as puntuacións correspondentes a varios certificados de linguas diferentes, pero non se acumularán as puntuacións de diferente nivel dunha mesma lingua.



Subcriterio 1.b): Mobilidade e internacionalización (**ata 5 puntos**). Valorarase a relevancia e o impacto na súa traxectoria investigadora das estancias do/a candidato/a en centros nacionais e internacionais e/ou no sector industrial, atendendo ao prestixio da entidade de recepción da estancia e á actividade desenvolvida nesta.

## **2 (Criterio 2). Adecuación do/a candidato/a ás actividades de investigación que se van desenvolver (ata 50 puntos)**

Valorarase a adecuación do/a candidato/a ao programa, proxecto ou actividades de investigación que se van desenvolver en función da súa formación e experiencia previas. Para iso, terase en conta o valor engadido que a realización do proxecto representará para a súa carreira investigadora, así como o valor achegado ao centro e ao equipo receptor. Valorarase os contidos dos traballos de fin de grao (TFG) e de fin de máster (TFM).

A avaliación da adecuación do/a candidato/a complementarase cunha entrevista persoal baseada nun diálogo cos aspirantes e nas oito (8) materias detalladas no Anexo III. Esta entrevista poderá puntuar ata un máximo de 10 puntos na avaliación global do criterio 2.

### **Décima segunda.- Listaxe provisional coas puntuacións do proceso selectivo**

Rematada a valoración dos méritos e as entrevistas, a Comisión de Selección publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios da Agacal a listaxe provisional coas puntuacións do proceso selectivo, concedendo un prazo de reclamacións de **tres (3) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

### **Décimo terceira.- Listaxe definitiva coas puntuacións do proceso selectivo**

Transcorrido o prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará o resultado do proceso selectivo coa listaxe definitiva e as puntuacións nun prazo de **tres (3) días hábiles**, no taboleiro de anuncios da Agacal e na páxina web por orde decrecente de puntuación.

### **Décimo cuarta.- Criterios de desempate**

En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 49 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino, o empate resolverase, de existir méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas, a favor da muller. E como segundo criterio de desempate, este empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas ordenadas alfabeticamente, de conformidade co establecido no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo





### **Décimo quinta.- Resolución da convocatoria**

A Comisión de Selección propondrá a persoa candidata á dirección da Agacal, que resolverá o proceso de contratación mediante resolución motivada, publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios da Axencia. Esta resolución será notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

A persoa candidata seleccionada deberán aceptar o posto no prazo de **tres (3) días hábiles**, contados dende o día seguinte ao da publicación da resolución do director na páxina web da Axencia e, en caso de non aceptación, procederase ao chamamento do/a candidato/a seguinte con maior puntuación no presente proceso selectivo.

### **Décimo sexta- Listaxe de suplentes**

Establecerase unha listaxe de reserva na que figurarán as persoas candidatas ordenadas segundo a puntuación total obtida no proceso selectivo. Esta listaxe farase pública coa listaxe definitiva das puntuacións, procedendo ao chamamento dos/as candidatos/as segundo a orde de prelación desta, de maior a menor puntuación.

A vixencia da listaxe coincidirá coa duración do servizo que se vaia desenvolver na presente contratación.

### **Décimo sétima.- Datos de carácter persoal**

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os/as candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente a incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes na Agacal e ao seu tratamento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento destes nos termos da devandita Lei orgánica, solicitándoo nas oficinas da Agacal, na Avenida do Camiño Francés, 10, Santiago de Compostela, horario de 9.00 a 14.00 horas.

### **Décimo oitava. - Recursos administrativos**

Contra a presente resolución de convocatoria poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante a dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, no prazo dun mes contado desde a súa publicación, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a súa publicación, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, entendendo que, no caso de interpoñer recurso de reposición, non se poderá



interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta deste

### **Décimo novena. - Disposición derradeira**

A participación neste proceso selectivo por parte do/a candidato/a supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Santiago de Compostela,

O director da Agacal  
José Luis Cabarcos Corral



## ANEXO I

### PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme o disposto na base 6 da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún dos candidatos non poida acreditarlo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales só unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola Comisión de Selección. Para os efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta;
- as respostas en branco non puntúan;
- as dobres respostas e as que non estean claras consideraranse incorrectas.

A proba á que se refire estas bases será cualificada como apta ou non apta, e é necesario obter un mínimo de 20 respostas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apto/a, o/a candidato/a quedará excluído/a.

Ao finalizar o exercicio cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario e no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba faranse públicas as respostas correctas do cuestionario, no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios da Agacal e na páxina web da Agacal.

A Comisión de Selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos aspirantes. Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.



## ANEXO II

### SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL:

*Persoal investigador predoutoral para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) – Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal).*

#### DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:..... NIF/NIE/Pasaporte:.....  
Enderezo:.....  
Localidade:..... Provincia:.....  
Código Postal:..... Teléfono:..... E-mail:.....  
Data de nacemento:..... Nacionalidade:.....  
Nº de afiliación á Seguridade social:.....  
Titulacións.....

#### DECLARACIÓN XURADA

O abaixo asinante declara non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude do expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

E de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes na Agacal e ao tratamento destes.

#### DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- DNI ou equivalente.
- Copia dun/s documento/s académicos acreditativo/s no que consten os títulos dos diplomas de titulación superior universitaria e de máster.
- Listaxe de publicacións /comunicacións.
- Copia do título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.
- Informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social
- Copia do(s) certificado(s) de coñecemento de lingua(s) estranxeira(s).

Fago constar que a presente documentación consta de \_ folios, numerados correlativamente do 1 ao \_\_

Lugar e data:

Asdo.:.....

#### DIRECCIÓN DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA



## ANEXO III

### MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ O DIÁLOGO COS ASPIRANTES DURANTE A ENTREVISTA PERSOAL (Base 11.2)

No contexto xeral do proxecto PHYTOCORN, serán abordados os seguintes temas:

1. Últimos avances publicados en materia de presenza e determinación de residuos de praguicidas, contaminantes orgánicos emerxentes, metabolitos e produtos de transformación en augas superficiais, subterráneas e solos agrícolas.
2. Que tipos de praguicidas poden estar presentes nestas matrices e a que niveis de concentración. Cales son os perigos debidos á presenza destes.
3. Métodos de extracción modernos e avanzados para a determinación de contaminantes orgánicos, incluíndo praguicidas, en augas e solos. Vantaxes e inconvenientes de cada tipo técnica. Criterios de aplicabilidade.
4. Exemplos de técnicas verdes modernas de extracción. Vantaxes e inconvenientes de cada tipo técnica.
5. A espectrometría de masas-masas de triple cuádruplo. Descrición, principios, aplicacións.
6. A espectrometría de masas de alta resolución. Principios, vantaxes. Para que serve? Que achega? Diferenzas coa espectrometría clásica de "low resolution".
7. Desenvolvemento e optimización de métodos analíticos por cromatografía (gases e líquidos) para a determinación de contaminantes orgánicos en mostras ambientais e agroalimentarias.
8. Protocolos de validación de métodos analíticos (contaminantes orgánicos) nos ámbitos da calidade, seguridade alimentaria e seguridade ambiental.

